

PLAN DIXITAL

ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL DO MILLADOIRO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Índice

| | |
|--|----|
| 1. Introducción | 3 |
| 1.1. Datos básicos do centro..... | 3 |
| 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro | 4 |
| 1.3. Breve xustificación do mesmo | 6 |
| 1.4. Proceso de elaboración..... | 7 |
| 2. Situación de partida..... | 8 |
| 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais..... | 8 |
| 1 Infraestrutura Dixital do centro: | 8 |
| 2 Equipamento..... | 8 |
| 3 Servizos dixitais corporativos | 9 |
| 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO..... | 10 |
| 2.3. Análise DAFO | 12 |
| 3. Plan de Acción..... | 14 |
| 3.1. Obxectivos, indicadores e acción..... | 14 |
| 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas..... | 20 |
| 4. Avaliación do plan..... | 20 |
| 5. Difusión do plan..... | 21 |

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: Escola de Educación Infantil do Milladoiro
Dirección: Travesía do Porto s/n .
Localidade: Milladoiro
Tlfno: 881 866 037
Web: edu.xunta.gal/centros/eeimilladoiro/
Mail: eei.milladoiro@edu.xunta.gal

Código: 15032649
C.P.:15895
Concello: Ames

A EEI Milladoiro escolariza ao alumnado do segundo ciclo de educación infantil, en 3 niveis cun total de 12 unidades distribuídas do seguinte xeito:

- 4º curso: 4 unidades
- 5º curso: 4 unidades
- 6º curso: 4 unidades.

Datos de alumnado: 290 alumnos/as

Datos profesorado: 21 mestras/mestres.

O centro de adscrición é o CEP VENTÍN, para continuar na etapa de educación primaria.

Horario escolar: en xornada única de mañá, de 9.00 a 14.00 horas.

A escola conta con servizos de conciliación: madrugadores, comedor escolar e tardes divertidas, todos eles xestionados polo Concello de Ames.

As familias organízanse a través da ANPA Millapeques, que xestiona as actividades extraescolares no propio centro escolar.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

A escola de educación infantil Milladoiro sitúase no Concello de Ames, no suroeste da provincia da Coruña, limitando cos concellos de Santiago de Compostela, Brión, Val do Dubra, A Baña e Teo. A Escola está situada no núcleo urbano do Milladoiro, nunha zona en expansión, aínda en construción. Case a totalidade do alumnado procede do núcleo urbano de O Milladoiro, aínda que a zona de influencia do centro inclúe os lugares de Coira, Moniña, Biduído de Arriba, Biduído de Abaixo, Agrela, Paramuiño, Casanova e Raíces, dos que proceden unha mínima parte do alumnado.

O Milladoiro conta cun censo preto dos 13.500 habitantes e está en continuo crecemento debido á expansión urbanística e ao abaratamento da vivenda, o que converte a este municipio en lugar de asentamento de familias procedentes de concellos limítrofes, de Galicia e doutros países estranxeiros, principalmente de América Latina, Países Árabes e Países do Leste. Na escola tamén se escolariza un elevado número de alumnado de etnia xitana. A procedencia das familias do alumnado dan conta do contexto multicultural existente na escola, e do potencial que supón a variedade cultural para enriquecemento de toda a comunidade.

O equipo docente está conformado por 21 mestres e mestras e o total de alumnado no presente curso ascende a 290 alumnos e alumnas.

Nos dous últimos cursos, e derivada da experiencia que supuxo o confinamento e as medidas de adaptación á situación COVID, o emprego das ferramentas tecnolóxicas resultaron imprescindibles nas tarefas de ensino-aprendizaxe, como medio de comunicación coas familias e entre o equipo docente.

Detectouse un emprego maioritario entre as familias das ferramentas como Webex, AbalarMovil e o correo electrónico, mais existe unha pequena parte que teñen limitacións, ben por falta de coñecementos ou por falta de medios tecnolóxicos, para o emprego destes recursos no día a día.

En canto aos recursos cos que dispón o centro existe un deficiencia importante en dispositivos para o alumnado, insuficiente dotación de medios para o traballo do equipo docente (portátiles, tablets), así como dotación básica de aula que non está estendida a

todos os grupos (PDI) e que consideramos imprescindible no traballo con alumnado de educación infantil.

Bótase a faltar tamén o mantemento dos equipamentos, debendo depender de empresas externas ao centro educativo co custo económico que supón para o presuposto anual da escola.

O PD é o instrumento que vai axudar a acadar o desenvolvemento da competencia dixital de toda a comunidade educativa. Para iso realizaranse actuacións en diferentes ámbitos:

- No uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, integrando ferramentas, recursos e materiais que contribúan a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes dos nenos e nenas.
- Na consecución dun centro escolar dixitalmente competente, impulsando o uso responsable dos medios tecnolóxicos e de comunicación, promovendo a mellora da competencia dixital do equipo docente e favorecendo a e garantindo o acceso integrador e igualitario de todo o alumnado para superar a fenda dixital.
- Na promoción das ferramentas tecnolóxicas para avanzar na comunicación familia-escola, garantindo un uso responsable das mesmas e facilitadoras dun clima de convivencia positivo.

O PD concretarase anualmente na Programación Xeral Anual a través das correspondentes actuacións, fixadas no Plan de Acción onde se reflicten os obxectivos, indicadores e accións a realizar no curso 2022-23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Referencias normativas:

- Art.111 BIS, 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación
 - Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP,ESO E bacharelato no curso académico 2021-22
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital (nos centros docentes sostidos con fondos públicos da comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022).

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Por outra banda, en referencia á etapa educativa de educación infantil, o Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil establece como competencia clave a competencia dixital. Haberase de iniciar nesta etapa educativa o proceso de alfabetización dixital, que implica entre outros o acceso á información, a comunicación e a creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital ao longo do curso 2021-22 realizáronse as seguintes actuacións:

- Constitución Equipo de Dinamización do Plan Dixital (EPD), conformado pola dirección e dous membros do Equipo TICs.
- Solicitud de PFPP para a elaboración do Plan Dixital
- Titorización do EPD da escola por parte do mentor do equipo ADIX.
- Análise da situación do centro, realizada a través de ferramentas de autoavaliación para a diagnose da situación (SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente)

- A partires dos resultados da autoavaliación SELFIE e o Test CDD xerouse o informe DAFO para formular os obxectivos e liñas de actuación do PD.
- Redacción do PD, para a súa aprobación no 3º trimestre do curso 2021-22 polo Consello Escolar do centro educativo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1 Infraestrutura Dixital do centro

- Na EEI Milladoiro todas as aulas, dirección, sala de profesorado, biblioteca e aula de usos múltiples dispoñen de conectividade a internet, por cable e sen fíos, a través da rede administrativa "edu.xunta.es". Na zona ampliada da escola (Departamento de Orientación, aula de PT e AL) non se dispón de conectividade por cable e si por rede, mais presenta frecuentemente dificultades de conexión.
- A escola dispón de infraestrutura de voz (telefonía), mais prodúcense frecuentes problemas de cobertura en zonas da escola, sendo necesario a colocación de novas tomas para conexión de equipos de voz.

2.1.2 Equipamento

| ESPAZOS | EQUPAMENTO | USOS |
|------------------------------|--|------------------------------------|
| Dirección, X.E. e Secretaría | 2 equipos sobremesa 1 portátil en uso | Xestión e administración do centro |
| Sala de profesorado | 1 equipo sobremesa en uso 1 equipo sobremesa inutilizado, precisa renovación | Traballo profesorado |
| Biblioteca | 1 equipo portátil 1 PDI 1 proxector 1 equipo informático para xestión de catálogo 1 equipo informático para consulta | Catalogación Docencia |

| | | |
|-----------------------------|--|--------------------------|
| Aulas (13) | 11 equipos de sobremesa 2 portátiles 13 canóns de proxección 4 PDI en uso 1 PDI inutilizada, precisa renovación. 8 pantallas de proxección 2 tablets | Docencia |
| Departamento de Orientación | 3 equipos de sobremesa 2 tablet (NEAE) | Docencia Xestión D.O. |
| Aula usos múltiples | 1 equipo sobremesa 1 proyector 1 equipo de son 2 altofalantes fixos 1 altofalante trolley portátil | Docencia |
| Outros materiais de aula | 6 cámaras de fotos 1 cámara de vídeo 16 web-cam 6 radio-casete | Docencia |

2.1.3 Servizos dixitais corporativos

Os servizos dixitais educativos corporativos que facilitan a xestión docente e administrativa son os que a continuación se citan:

- Correo electrónico: "edu.xunta.gal", destinada ás comunicacións oficiais da escola así como ás comunicacións coas familias e con outras entidades e organizacións.
- Xade, para tarefas administrativas e funcións de titoría.
- Abalarmobil, para comunicación coas familias e funcións de titoría.
- Páxina Web do centro: "www.edu.xunta.es/centros/eeimilladoiro"
- Aula Virtual do centro: www.edu.xunta.es/centros/aulavirtual para tarefas relacionadas coa formación do profesorado.
- Aplicación para realización de videoconferencias, dirixidas ao traballo dos equipos docentes e das titorías de aula: "eduxunta.webex.com"

Plataforma dixital non corporativa

- "Blogger", para a realización de blogs de aula, se ben non é empregada pola totalidade do profesorado.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO téñense analizado os datos obtidos nos seguintes documentos:

- **Autoavaliación SELFIE.** Os datos recollidos nas distintas áreas do informe SELFIE expóñense na táboa adxunta:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 2 | | | | |
| | Profesorado | 2.6 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 2 | | | | |
| | Profesorado | 2.3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 2.1 | | | | |
| | Profesorado | 3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3.3 | | | | |
| | Profesorado | 2.9 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 3.2 | | | | |
| | Profesorado | 3.8 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3 | | | | |
| | Profesorado | 3.1 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 2 | | | | |
| | Profesorado | 2.2 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | | | | | |
| | Profesorado | 2.3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |

- **TEST CDD.** Os datos obtidos do informe grupal do Test CDD de centro nos apartados 2.1, 2.2 e 2.3, así como os datos recollidos en relación co perfil do profesorado participante do apartado 1.3, recóllense no cadro adxunto:

1.3 Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 16 | 16 | 100% |
| PROVISIONAL | 1 | 1 | 100% |
| INTERINO | 1 | 1 | 100% |
| SUBSTITUTO | 3 | 3 | 100% |
| DESPRAZADO | 2 | 2 | 100% |

2.1 Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 49.9 | Explorador/a (A2) | 76.5 | Integrador/a (B1) |

2.2 Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|----------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| INFANTIL | 50.7 | Explorador/a (A2) | 68.2 | Integrador/a (B1) |

2.3 Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|---|---|
| A1 | 2 | 8.7% |
| A2 | 18 | 7.3% |
| B1 | 2 | 8.7% |
| B2 | 1 | 4.3% |
| TOTAL | 23 | 100% |

- Outras fontes.

Xunto co informe SELFIE e o Test CDD realizáronse, para a elaboración da análise DAFO, enquisas ao profesorado que recollían, dun xeito máis realista e axustado ao traballo en educación infantil, cuestións sobre a competencia do profesorado, o equipamento e infraestruturas, formación e o emprego de canles de comunicación coas familias.

Convén mencionar que o informe SELFIE non está deseñado para un entorno educativo de educación infantil; as preguntas formuladas no informe de autoavaliación afastáanse das realidades e actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas nas aulas do segundo ciclo de educación infantil.

2.3 Análise DAFO

A análise DAFO permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital, e facilita a elaboracións das liñas fundamentais do Plan Dixital concretadas en obxectivos e accións a desenvolver.

A información ofrecida polo Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes permiten concretar os seguintes resultados:

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | | C.8 Falta de dispositivos para a aprendizaxe. C.10 O centro non conta con dispositivos para o alumnado. C.16 Falta de repositorios en liña |
| | PERSOAL DOCENTE | B.2 debate sobre emprego da tecnoloxía E.2 Uso das tecnoloxías para a elaboración de recursos dixitais. E.4 Comunicación coa comunidade educativa a través da tecnoloxía. | D.3 Intercambio de experiencias. E.5 Emprego de REA |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |

| | | | |
|--|------------------------|--|--|
| | ALUMNADO | | |
| | FAMILIAS | | |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | A.2 Falta de implicación do profesorado na estratexia dixital. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | A.1 Elaboración Plan Dixital de Centro D.2 Interese na mellora da DPC do profesorado. | A.4 Profesorado sen tempo para explorar emprego e manexo de recursos tecnolóxicos. C.14 Falta de espazos físicos |
| | LEXISLACIÓN | | |
| | CONTORNA | | |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | E.1 Variedade de recursos en liña para traballo de aula | |

3 Plan de Acción

Unha vez detectadas as necesidades e recollidas as propostas de mellora é preciso establecer un Plan de acción onde se concreten os obxectivos, encadrados dentro das áreas de mellora segundo o marco DigCompOrg.

Este Plan Dixital elaborado para o seu desenvolvemento no vindeiro curso, e tendo presente sempre o contexto educativo, os recursos materiais e humanos dispoñibles, céntrase en 4 áreas de mellora: Liderado, Colaboración e Redes, Infraestruturas e equipamentos, e Pedagogía: Apoios e recursos.

3.1 Obxectivos, indicadores e acción

Partindo da análise DAFO, e tendo presentes sempre as fortalezas como punto de partida, é necesario partir para a elaboración do Plan de Acción da realidade na que nos atopamos, coñecer a "cultura dixital" da escola, en que situación nos atopamos e cales son as nosas eivas no ámbito dixital para un mellor desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe.

É por iso que consideramos 3 áreas de mellora prioritarias para establecer os obxectivos do Plan de Acción, tres piares fundamentais para poder acadar, como obxectivo xeral, a mellora da competencia dixital do noso alumnado e de toda a comunidade educativa.

Así, serán áreas prioritarias de actuación:

- Liderado. Incidindo na implementación das tecnoloxías dixitais no traballo do centro educativo, partindo dunha profunda reflexión, análise e avaliación, canalizada a través da xestión e seguimento do Plan Dixital de centro.
- Colaboración e redes. Adoptando medidas que fomenten a formación interna e colaborativa no emprego de ferramentas e recursos dixitais.
- Infraestruturas e equipamentos. Promovendo a actualización, a renovación, e adquisición de dispositivos dixitais de centro e optimizando o emprego dos recursos existentes.
- Pedagogía: Apoios e recursos. Diseñar actuacións que favorezan a actualización do profesorado no uso das tecnoloxías, para a súa implementación nas actividades de ensino-aprendizaxe.

Área de mellora A: Liderado: estratexia dixital

- Obxectivo 1: Organización dun grupo de traballo (EPD) para a xestión e seguimento do Plan Dixital de Centro.

Área de mellora B: Colaboración e redes

- Obxectivo 2: Establecer unha liña de formación interna e colaborativa sobre o emprego de ferramentas e recursos dixitais.

Área de mellora C: Infraestrutura e equipos

- Obxectivo 3: Actualizar, renovar e adquirir os dispositivos dixitais do centro.

Área de mellora E: Pedagogía: Apoios e recursos

- Obxectivo 4: Elaboración de bancos de recursos educativos abertos na Aula Virtual para a consulta e utilización de todo o Claustro.

| "Área/s de mellora": A Liderado: Estratexia Dixital | | | | | | |
|--|---|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): | Organización dun grupo de traballo (EPD) para a xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC) (A1*) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Dirección do centro | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Número de mestres que forman parte do equipo e número de reunións mantidas ao longo do curso | | | | | |
| Valor de partida (3) | Non hai | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Formación do grupo cun mestre de cada un dos niveis, o coordinador do equipo TICS, un mestre do D.O. e a dirección que se reunirán unha vez ao mes. | | | | Xuño de 2023 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Reunións de Claustro e CCP para explicar o PDC e identificar as necesidades de mellora da competencia dixital | Dirección | Setembro | Convocatoria Claustro Convocatoria de CCP Normativa | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Creación dun equipo e de mestres/as con liberación horaria para o seguimento e coordinación do PDC. | Dirección - Inspección | Setembro | Visto bo da inspección | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Deseño e implementación dunha enquisa coas propostas de formación do profesorado. | Equipo do PDC | Outubro | Enquisa sobre propostas de formación. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.4: Inscripción nunha liña PFPP axeitada ás necesidades do profesorado | Equipo Directivo | Outubro | CAFI | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.5: Realización de reunións coa periodicidade acordada co obxecto de facer un seguimento do PDC | Persoa coordinadora do EPD | Xuño 2023 | Actas das reunións | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

"Área/s de mellora":B: Colaboración e redes

| 2. OBXECTIVO (1): | Establecer unha liña de formación interna e colaborativa sobre o emprego de ferramentas e recursos dixitais. (D2*) | | | Acadado | | |
|---|---|-----------------------|---|--------------------------|------------------|--|
| RESPONSABLE: | Coordinador TIC | | | Non acadado | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Uso habitual de todo o profesorado das 5 ferramentas corporativas básicas (XADE, Abalar, Correo, AV do centro, Web do centro) | | | | | |
| Valor de partida (3) | Nivel de emprego actual ex: 50% | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O 80% do profesorado coñece/emprega as 5 ferramentas | | | Outubro | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1: Establecer as ferramentas básicas e o emprego de cada unha delas nas diferentes tarefas docentes. | Equipo TIC | Outubro | XADE, Abalar, Correo, AV do centro, Web do centro Titoriais Colaboración equipo TIC | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO.2.2: Establecer sesións para o apoio dos membros do PDC ao equipo docente no emprego das ferramentas básicas. | Equipo directivo Equipo TIC | Outubro | Equipos informáticos Membros PDC Sesións semanais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.3: Establecemento dun horario fixo nas horas de permanencia para formación, colaboración e elaboración de recursos entre o profesorado. | Equipo directivo | Outubro | Equipos informáticos Ferramentas corporativas. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": C Infraestutura e equipamentos | | | | | | |
|---|---|------------------------------|--|---|--------------------|--|
| 3. OBXECTIVO (1): | Actualizar, renovar e adquirir os dispositivos dixitais do centro (C2*) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Persoa coordinadora TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Cantidade de dispositivos actualizados, renovados e adquiridos | | | | | |
| Valor de partida (3) | Parte dos equipos renovados | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 100% dos equipos renovados e adquiridos | | | 30-06-23 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A03.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro | Persoa coordinadora | Setembro 2022 | Secretaría Persoa Coordinadora Listaxe de inventario | Inventario do centro | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.2: Actualizar e propoñer a renovación do equipamento dixital. | Persoa coordinadora Equipo directivo | Outubro 2022 | Persoa coordinadora | 100% do equipamento actualizado Listaxe de equipamentos propostos para renovación. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.3: Solicitar equipamento non existente | Equipo Directivo | Outubro 2022 | Solicitude á administración | 100% do equipamento solicitado. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": E Pedagogía: Apoios e recursos | | | | | | |
|--|---|-----------------------------|--|--------------------------|-------------|--|
| 4. OBXECTIVO (1): | Elaboración de banco de recursos educativos abiertos na Aula Virtual para consulta e utilización de todo o Claustro (E2*) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo Directivo, Coordinador TIC, Claustro do Centro | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Número de recursos educativos compartidos | | | | | |
| Valor de partida (3) | Non existen recursos compartidos na Aula Virtual | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 10 recursos educativos abiertos compartidos na AV | | | Final de curso 2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO4.1: Busca de recursos e páxinas de interese adaptados a E.I. | Claustro Equipo directivo Coordinador/a TIC | Final do primeiro trimestre | Internet Equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Creación na AV dun lugar colaborativo para subir os recursos | Claustro Equipo Directivo Coordinador TIC | Segundo trimestre | Internet Aula Virtual Equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.3: Creación dun PFPP para afondar no emprego de ferramentas e recursos dixitais | Equipo directivo Claustro Coordinador TIC | Terceiro trimestre | Internet Formulario de solicitude Equipos informáticos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Atendendo ao Plan de Acción exposto consideramos priorizar as seguintes necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas:

- Necesidades de equipamento

| | |
|------------------------------------|--|
| Xestión e Administración do Centro | 1 equipo sobremesa (Secretaría) |
| Biblioteca | 1 ordenador para consulta 1 portátil precisa renovación |
| Sala de profesorado | 2 portátiles para traballo do profesorado. |
| Aula usos múltiples | 2 auriculares de diadema Equipo de iluminación |
| Aulas | 9 PDI ou Pantalla taboleiro interactivo 26 conxuntos tablets e accesorios (2 por aula) Cámara dixital de foto e vídeo con trípode e 2 gimbal 2 equipos de plastificado e corte 2 máquinas de chapas |

- Necesidades de infraestruturas tecnolóxicas

Mellora da cobertura de telefonía, coa instalación de tomas para equipos de telefonía nos corredores.

4 Avaliación do plan

Ao longo do desenvolvemento do plan establecerase un procedemento que permita realizar o seguimento do mesmo, tendo presente sempre a consecución dos obxectivos.

Establecerase unha dobre avaliación:

- Avaliación procesual. Ao longo do curso, de xeito trimestral, valorando a execución das accións e a súa temporalización, a valoración dos resultados e a realización de modificacións das accións con propostas de mellora

- Avaliación final. Realizarase ao remate do curso escolar. Atenderase á valoración dos logros dos obxectivos, ao estado de cumprimento das accións así como á elaboración de propostas de mellora segundo os resultados da avaliación.

Da avaliación do plan dixital extraerase un informe que se incluírá na Memoria Anual de Centro. Podemos realizar tamén unha Avaliación global. Unha vez rematada a implementación das accións realizarase unha avaliación da competencia dixital (SELFIE). Isto permitiría facer actualizacións e revisións do Plan Dixital de Centro.

As avaliacións de cada un dos obxectivos propostos realizaranse, tal e como figuran nas táboas do Plan de acción, a través do seguimento da acción. Realizarase unha valoración da acción así como o estado da realización ao remate do prazo previsto.

Para a avaliación do Plan Dixital avaliaranse os obxectivos e atenderase aos indicadores de logro e ao seu nivel de consecución

| Indicadores | Nivel de consecución | | |
|--|----------------------|-----|------|
| | 25% | 75% | 100% |
| Acadáronse os obxectivos propostos | | | |
| Desenvolvéronse as accións propostas | | | |
| Leváronse a cabo as tarefas por parte dos responsables | | | |
| Cumpríronse os prazos de realización | | | |
| Empregáronse os materiais propostos | | | |
| Realizouse unha avaliación procesual | | | |
| Introducíronse modificacións das accións | | | |
| Introducíronse propostas de mellora | | | |

5 Difusión do plan

Un dos obxectivos do Plan Dixital é contribuír á mellora da competencia dixital de toda a Comunidade Educativa. E para iso é imprescindible dar publicidade e difusión ao plan dixital entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

Como estratexias para a súa difusión seguiranse os seguintes pasos:

- Información ao Claustro para a súa valoración e análise.
- Información ao Consello Escolar para a súa valoración, análise e aprobación.
- Elaboración de dossier para as familias cos aspectos salientables do desenvolvemento do Plan Dixital: emprego ferramentas dixitais, servizos dixitais, aplicacións informáticas.

Milladoiro 8 de xuño de 2022